

## ***Circuíto Gadis 2015 – RC A Estrada (Xaneiro 2015)***

O sábado 24 de Xaneiro de 2015 tivo lugar a primeira xornada do Circuito Gadis Comarcal celebrado na Estrada. Nesta primeira xornada entraron en liza os Niveis 1 e 3, correspondentes aos pequenos e aos maiores, respectivamente. Foi una tarde de tenis e diversión, conseguindo que os nenos disfrutasen xogando ao tenis.

No nivel 1 viviuse un ambiente moi familiar, xa que tiveron lugar hasta 3 enfrontamentos entre irmáns, tiveron lugar no transcurso da competición. O Nivel 1 dividiuse en tres grupos, contando cada grupo coa presenza dun monitor para axudar e atender aos nenos. Despois fíxose outra nova fase segundo a clasificación na primeira. Todos os nenos tiveron unha participación moi boa e, sobre todo, todos tiveron un comportamento exemplar.

No Nivel 3, formado polos maiores, víronse partidos moi interesantes e competidos, polo que a emoción estivo presente en case todos os encontros. O comportamento dos maiores tampouco defraudou en absoluto.

Unha vez terminados os enfrontamentos do Nivel 1 tivo lugar a entrega de medallas a todos os participantes e a celebración dunha merenda para os nenos. Despois tivo lugar a entrega de medallas para todos os participantes do Nivel 3 e a celebración doutra merenda para eles.

En definitiva, foi unha tarde chea de diversión e de tenis, onde as risas e o bo comportamento de todos os nenos foi a seña de identidade desta xornada. Todos xuntos disfrutando deste deporte.

Na xornada do domingo, no que se disputaban a proba un total de 26 nenos e nenas na maioría de Teo, Lalín e do propio club estradense, reinou por encima de todo o bo ambiente entre os participantes.

A proba comezou as 10:00 da mañá e rematou as 14:00; xogáronse máis de corenta partidos entre os pequenos grazas a colaboración da meteoroloxía, ca mesma organización en grupos do anterior día.

O torneo rematou cunha entrega de medallas por parte da vicepresidenta do club de tenis do Recreo Cultural, Mari Cármen García Neira e na que se tomaron uns pinchos como fin de festa de esta xornada deportiva.